



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/000061

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Plan normativo 2023)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

A potestade normativa local ven atribuída por Lei a algúns entes locais para poder innovar o Ordenamento Xurídico mediante disposicións de carácter xeral, de rango regulamentario, así se recoñece no art. 4.1.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Para esta anualidade puxéronse de manifesto por distintos departamentos e concellarías as necesidades de proceder á regulación mediante ordenanzas ou regulamentos de distintas necesidades, pendentes dende hai anos, ou á realización de modificacións nalgúns existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Visto o Plan anual normativo 2023 do Concello de Sada:

“ÍNDICE

1. MOTIVACIÓN.
2. CONTEXTO.
3. OBXECTIVOS.

1. MOTIVACIÓN

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que deberá conter as iniciativas legais ou regulamentarias que se teña previsto aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

A potestade normativa local ven atribuída por Lei a algúns entes locais para poder innovar o Ordenamento Xurídico mediante disposicións de carácter xeral, de rango regulamentario, así se recoñece no art. 4.1.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

É ao pleno do Concello a quen lle compete a aprobación inicial e definitiva das normas en que se articula a potestade regulamentaria, por ter atribuída dita competencia no art. 22.2.d) da Lei 7/85.

Denomínase ordenanza á potestade normativa local reguladora da actividade da veciñanza e particulares, e regulamento á potestade normativa local reguladora dos servizos e órganos municipais.

Os regulamentos constitúen a base para uns bos resultados no funcionamento dos órganos e servizos municipais.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Nas ordenanzas municipais plásmanse os requisitos e condicións de desenvolvemento de múltiples actividades que a cidadanía realizará e, ao regular os procedementos, inciden, tanto na cidadanía, que debe saber que cargas administrativas asume en cada caso, como nos operadores públicos, os cales actuarán no desenvolvemento dos procedementos que ditas normas regulan.

De maneira que é preciso que esas determinacións do funcionamento de calquera institución ou servizo público sexan claras, coñecidas, coherentes co resto do ordenamento xurídico e cos obxectivos de organización, ao servizo da cidadanía. De forma que se as normas xurídicas non responden ás necesidades do contexto social ao que serven, ou non están ben elaboradas, ou non son coñecidas ou aplicadas, os efectos que producen son os contrarios á súa finalidade regulatoria, xerando inseguridade xurídica, confusión e distancia entre as necesidades da cidadanía e acción da Administración Pública.

2. CONTEXTO.

Na Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo, do 16 de marzo de 2005, “Legislar mejor para potenciar el crecimiento y el empleo de la Unión Europea”, a Comisión recomendaba que todos os Estados membros establecesen estratexias para legislar mellor e, en particular, sistemas nacionais de avaliación de impacto que permitisen determinar as consecuencias económicas, sociais e mediambientais dunha norma, así como as estruturas de apoio adaptadas ás súas circunstancias nacionais.

Os diversos informes internacionais sobre a materia definen a regulación intelixente como un marco xurídico de calidade, que permite o cumprimento dun obxectivo regulador á vez que ofrece os incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permite simplificar procesos e reducir cargas administrativas. Para iso, resulta esencial un adecuado análise de impacto das normas de forma continua, tanto ex ante como ex post, así como a participación da cidadanía, empresas e outros colectivos nos procesos de elaboración normativa, pois sobre eles recae o cumprimento das leis.

Na última década, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, e a Lei 2/2011, do 4 de marzo, supuxeron un avance na implantación dos principios de boa regulación, especialmente no referido ao exercicio das actividades económicas. Tamén a Lei 20/2013, do 9 de decembro, deu importantes pasos adicionais, ao poñer a disposición da cidadanía a información con relevancia xurídica propia do procedemento de elaboración de normas.

Non obstante o lexislador da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas considera necesario contar cunha nova regulación que, terminando coa dispersión normativa existente, reforce a participación cidadá, a seguridade xurídica e a revisión do ordenamento. De forma que, con estes obxectivos, establece as bases con arranxo ás cales se ha de desenvolver a iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria das Administracións Públicas co obxecto de asegurar o seu exercicio de acordo cos principios de boa regulación, garantir de modo adecuado a audiencia e participación da cidadanía na elaboración das normas e lograr a predictibilidade e avaliación pública do ordenamento, como corolario imprescindible do dereito constitucional á seguridade xurídica. Esta novidade devén crucial especialmente no Estado territorialmente descentralizado no que coexisten tres niveis de Administración territorial que proxectan a súa actividade normativa sobre espazos subxectivos e xeográficos en moitas ocasións coincidentes. Así o lexislador da Lei 39/2015 segue as recomendacións que nesta materia formulou a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) no seu informe emitido en 2014 «Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement».

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O Concello de Sada contén unha relación de ordenanzas e regulamentos municipais no portal de transparencia, dentro do apartado normativa, cun vínculo á correspondente norma publicada no boletín oficial da Provincia e coa normativa urbanística. Polo que a normativa do Concello pode dividirse en tres grupos:

- Normativa urbanística.
- Normativa fiscal.
- Ordenanzas e regulamentos.

Tamén é preciso que determinadas actuacións xa contempladas en Plans normativos anteriores, que quedaron aprazadas ou paralizadas se contemplan de novo.

3. OBXECTIVOS .

É preciso ir adecuando a normativa municipal referida ás normas en vigor e ás necesidades da veciñanza, así coma ás competencias atribuídas ás entidades locais. Así coma a regulación de novos aspectos ata o momento non necesarios no ámbito local ou novas necesidades xurdidas con ocasión da crise e necesidades económicas da veciñanza.

De maneira que se establecen dous obxectivos:

- Promover e facilitar a adecuación da normativa municipal á lexislación vixente e ás esixencias de simplificación, modernización e racionalización, mellorando a técnica de elaboración de ordenanzas e regulamentos.
- Potenciar o coñecemento da normativa municipal vixente.

Debendo instrumentalizarse ditos obxectivos xerais a través de:

- * Participación: integrando na súa elaboración a totalidade dos centros directivos municipais e consultas cidadás.
- * Transparencia: a través de publicidade permanente na web do Concello.
- * Sistematización: ao recoller tódalas actividades e servizos, sistematizadas por distintos ámbitos de actuación.
- * Rigor: ao establecer unha metodoloxía de traballo supervisada polos profesionais do ámbito xurídico e sectorial de cada área de traballo.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Para esta anualidade puxéronse de manifesto polos departamentos de Facenda, Servizos Sociais, Cultura, Deportes, Xuventude a necesidade de proceder á regulación mediante novas ordenanzas e regulamentos de:

- Ordenanza de mobilidade (incluída no Plan Normativo do ano 2020)
- Ordenanza de taxis (incluída no Plan Normativo do ano 2020)
- Regulamento de centros cívicos parroquiais (incluído no Plan Normativo do ano 2020)
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos aproveitamentos especiais do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministrados de interese xeral (suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal)
- Ordenanza Xeral de xestión, recadación e inspección tributaria.
- Regulamento da agrupación de voluntarios de protección civil (en tramitación dende 2022).

E a modificación das seguintes, ben puntualmente ben substancialmente, o que será obxecto de posta de manifesto no expediente concreto que se tramite ao efecto:

- Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, publicada o 21/05/2010 no BOP núm. 94
- Ordenanza reguladora da venda ambulante, publicada o 27/04/2011 no BOP núm. 79
- Ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos
- Ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa por licenzas urbanísticas
- Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa das licenzas pola apertura de establecementos.
- Ordenanza fiscal núm. 17 reguladora da taxa por tendidos, entubados e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos nos postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, barras, básculas, aparellos para vendas automáticas ou outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre estes
- Ordenanza fiscal núm. 29 reguladora da taxa pola ocupación da vía pública con postos no feirón semanal no concello de Sada
- Regulamento de funcionamento e organización da Escola Infantil Municipal do Concello de Sada (última modificación polo Pleno o 28/06/12, publicado o 27/09/2012 no BOP núm. 185 e con anterioridade o 9/10/2010 no BOP núm 233 (incluído no Plan Normativo do ano 2020)”

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o plan anual normativo 2023 do Concello de Sada.

Segundo.- Publicar o Plan anual normativo 2023 do Concello de Sada no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, María Nogareda Marzoa, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).